

Movement feminista e educación en Galiza: 1970-1990

The Feminist Movement and Education in Galicia: 1970-1990

Mariam MARIÑO COSTALES
Consello da Cultura Galega

A muller non nace, faise¹

RESUMO: Co obxectivo de contribuír á reflexión sobre os espazos e ámbitos de relacións sociais vinculados coa educación e as lóxicas destinadas á transformación de modelos e contidos relacionados coa aprendizaxe, neste artigo tómasse como eixo de análise a rede de relacións xerada pola actividade de organizacións feministas en Galiza desde 1970 ata 1990. Segundo a hipótese manexada aquí, na citada rede artículanse críticas, propostas e estratexias de loita que insisten de xeito particular na necesidade de repensar e mudar os procesos de marxinalización, discriminación e inxustiza social inscritos nas relacións establecidas de xeito dominante entre sexos, xéneros e sexualidades. Ditas propostas non restrinxen a educación ás fronteiras dos espazos académicos escolares, pois actívanse coa intención de ser aplicadas a nivel externo e interno; no persoal, nos propios agrupamentos e en todos os espazos e ámbitos de relacións sociais.

ABSTRACT: In order to shed light on the spaces and areas related to education and the logic behind the transformation of learning models and contents, this article focuses on an analysis of the network of relations generated by the activity of feminist organizations carried out in Galicia from 1970 to 1990. According to the hypothesis put forth here, these networks served to coordinate criticism, proposals and strategies which insisted particularly on the need to rethink and change the struggle against the processes of exclusion, discrimination and social injustice inherent to relations marked by dominance between sexes, genders and sexualities. These proposals did not limit education to the confines of academic spaces; rather the aim was that they be applied on internal and external levels, in the personal domain, as well as in the organizations themselves and in all areas and fields where social relations take place.

PALABRAS CHAVE: Feminismo, educación, lóxicas sociosexuais, movementos sociais, cambio social

KEY WORDS: Feminism, Sociosexual logic, Social movements, Social change

¹ Simone de Beauvoir e tantas outras antes e despois dela.

Introdución

O feminismo é un movemento de reflexión e acción suxeito a evolucións, modulacións e cambios, e desde a as súas primeiras manifestacións, na dinámica da rede de relación sociais xeradas por el, a presenza de reflexións e accións vinculadas con procesos educativos é constante. O feminismo organizado vai a por en relevo a existencia de relacións de poder² en todos os espazos e ámbitos de relacións sociais e dá conta de estruturas e procesos que, tomando como base a bisexuación dos corpos, definen e xustifican a existencia de diferenzas, marxinalizacións e discriminacións entre os sexos que no espazo social operan en detrimento das mulleres.

Na cultura occidental a bisexuación dos corpos preséntase como a clave ineludible de descripcións, prescricións e solapamentos nos que se inscribe un sistema sexoxenérico heterocéntrico que incide na vida cotiá, no persoal e no social. O citado sistema configúrase historicamente como unha estrutura dominante de longa duración que até o século XIX emprega argumentos mitolóxicos e relixiosos para determinar o lugar dos corpos en tanto que machos e femias, en tanto conxunto de homes e mulleres situadas na normalidade sexual. A partir do XIX as argumentacións biolóxicas e médicas van tomando importancia e interese e manteñen e consolidan, polo xeral, a mesma liña argumental que as anteriores³; isto é, que a sexualidade correcta e normal é aquela na que se fragua a unión dun par de contrarios complementares, os homes e as mulleres, mediante o contrato matrimonial; que a sexualidade é natural e innata, xenital e procreadora; e que se expresa de forma diferente segundo a bisexuación dos corpos e fai parte ineludible do propiamente masculino e feminino.

Os posicionamentos críticos en torno a estas lóxicas, en principio ineludibles e naturais, aumentan cualitativa e cuantitativamente á par que toman corpo novos movementos sociais. Como xa se indicou, o Movemento Feminista (MF) é central nestas páxinas; as nosas pescudas teñen como núcleo o lugar ocupado pola educación no feminismo organizado en Galiza desde 1970 ata 1990. Céntrase a investigación na produción de agrupamentos de mulleres feministas autónomas e tamén daquelas integradas en organizacións e colectivos mixtos e que fan parte do entramado de relacións do chamado feminismo de terceira onda. Para esta tarefa cóntase coa documentación relacionada co movemento feminista organizado en Galiza, recollida na colección especial *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galiza* do Consello da Cultura Galega⁴ e con arquivo propio. A documentación consultada conforma as unidades de análise e ao mesmo tempo serve como fonte documental.

² María Xosé Agra Romero, "Feminismo", en *Dicionario Enciclopedia do pensamento galego* (Vigo-Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia e Consello da Cultura Galega, 2008): 450-475.

³ Thomas Laqueur, *La construcción del sexo. Cuerpo y género desde los griegos hasta Freud* (Madrid: Cátedra-Feminismos, 1994 [1990]).

⁴ Máis información sobre esta colección en Carmen Pérez Pais e Mariam Mariño Costales, *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2013). O documento pode ser descargado na súa versión PDF na seguinte dirección web: <http://www.consellodacultura.org/mediateca/documento.php?id=1909>

O feminismo e os grupos feministas proliferan e se fraguan ao fío das transformacións sociais, políticas, económicas e culturais que se van producindo no decorrer da historia. No contexto occidental, a citada terceira onda sitúase a partir da década de 1950, mais en Galicia comeza a tomar presenza en 1970 e visibilízase máis claramente a partir de 1975. Este ano, no conxunto do estado español e tamén a nivel mundial, é un momento de acontecementos. É declarado Ano Internacional da Muller por parte da ONU, é o ano no que morre Franco e é o ano da celebración das *Primeiras Jornadas de Liberación de la Mujer*. Trátase de feitos que van contribuír ao incremento cualitativo e cuantitativo de referentes, referencias e colectivos feministas. Aquí, nun primeiro apartado presentase un mapeo, unha memoria dos que desenvolveron actividade en Galiza ata 1990. Trátase dunha clasificación útil, apoiada na documentación consultada e na constatación de que todos eles coinciden á hora de expresar cal é o seu obxectivo último: a loita pola erradicación das discriminacións e marxinalizacións inscritas nas diferenzas entre os sexos, a ruptura cun modelo de relacións entre homes e mulleres que establece espazos, valores e normas diferentes e diferenciadas entre uns e outras e que fan das mulleres e das súas “cousas” lugares de dependencia e con inferior valor social que os outorgados aos homes e as súas “ocupacións”. Nun segundo apartado, dáse conta de elementos imbricados nas lóxicas teóricas, materiais, prácticas e simbólicas segundo as que as mulleres implicadas en grupos, colectivos e organizacións feministas constrúen críticas ao modelo sociosexual dominante, centrándonos nas propostas de cambio e nos referentes e estratexias de acción relacionadas co ámbito educativo.

Agrupamentos, colectivos e feministas organizadas en Galiza, 1970 -1990

O Movemento Democrático da Muller Galega (MDMG) toma corpo en 1970. Segundo Claudia Blanco⁵ a súa creación responde ao propósito dun grupo de mulleres próximas ao Partido Comunista de se constituír nunha organización específica concibida sobre bases amplas, pluralistas e interclasistas. O feito de se xerar no seo de dito grupo político sitúa ás mulleres que o articulan facendo parte da dinamicidade das redes do Partido Comunista no conxunto do estado, onde existen desde 1968. Isto xustifica que, para contar con determinada legalidade, se infiltren desde 1969 en asociacións legais de amas de casa e fagan seus os problemas relacionados co lugar asignado tradicionalmente ás mulleres no ámbito doméstico. Ademais doutras accións que o partido no que se insiren desenvolve, concretan actividades de seu, e será desde 1972 cando contén cun programa propio elaborado desde olladas feministas. A partir de 1974 engaden o sobrenome de *Movimiento de Liberación de la Mujer*. E en 1975 a rede das MDMG comprende grupos con actividade e sede en Vigo, Ourense, Ferrol, A Coruña e Compostela.

Desde os últimos meses de 1975, mulleres de diferentes localidades galegas levan a cabo unha serie de reunións co obxectivo de pór en marcha unha organización feminista independente de calquera outra organización. Algunha delas implícase, ademais, en gru-

⁵ Claudia Cabreiro Blanco, “O movemento Democrático de Mulleres: da protesta cotiá á loita política”, *Dezeme*, nº 11 (2006): 15-23.

pos e partidos políticos de esquerdas e nacionalistas⁶, mentres que outras non o fan. As súas reunións van dar lugar en 1976 á emerxencia e presentación pública no mes de maio en Santiago de Compostela da Asociación Galega da Muller (AGM), cunha xunta xestora provisoria que coordina unha rede de organizacións localizadas en Vigo, A Coruña, Ferrol, Lugo, Compostela, Vilagarcía, Pontevedra e Ourense. A dinamicidade destes agrupamentos vai ser diferente en cada localidade e entre elas emerxen diferentes lóxicas de unión e desunión. Mais a pesar de que co paso do tempo desenvolven programas, estratexias e actividades propias, manteñen relacións e acordos entre si e liñas de traballo semellantes. Así, a nivel interno, cara a finais da década dos setenta, algunhas delas crean na súa estrutura comisións de traballo sectoriais. Cabe destacar aquí a creación de Comisións de Ensino, que polo xeral son articuladas por iniciativa das docentes implicadas nas diferentes organizacións. A mediados da década dos oitenta, a rede articulada pola devandita xunta xestora comprende as AGM de Ferrol (AGM-F), Compostela (AGM-SC) e Ourense (AGM-OU) e as Asembleas de Mulleres da Coruña (AMC), Vilagarcía (AMV) e Pontevedra (AMP). No que toca ás comisións de ensino xeradas no seu seo, pouco a pouco vanse independizando das organizacións nas que nacen. Os límites da documentación manexada neste artigo non permiten afondar nos procesos seguidos por cadansúa, e só permiten sinalar que a Comisión de ensino da AGM-SC, sen ter “continuidade no tempo nen estabilidade na composición do grupo”⁷, en 1986 ten actividade como tal⁸.

No referente á estrutura organizativa de grupos políticos, cabe sinalar que a rede do Movemento Comunista en Galicia (MCG) conta desde 1976 cunha estrutura de mulleres con presenza nos MC de Compostela, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Ourense, Vigo e Vilagarcía⁹.

Tamén desde mediados dos setenta toman forma diferentes propostas organizativas máis ou menos formalizadas de mulleres no ámbito universitario, sobre todo estudantes, interesadas no coñecemento e/ou difusión das ideas e accións feministas. Manéxanse poucos datos sobre elas; inflúe nisto o feito de que, en moitas ocasións, as súas actividades se manteñen durante uns poucos meses, teñen carácter informal e non sempre se dan a coñecer publicamente como grupo. Na documentación e bibliografía consultada atópanse dúas referencias de agrupacións universitarias. Segundo Carmen Blanco¹⁰, en 1976 confórmase unha Asociación Universitaria para o Estudio da Problemática da Muller, organización que comparte o nome coa creada en Madrid en 1974-1975, mais que se

⁶ Movemento Comunista, Liga Comunista Revolucionaria, Asamblea Nacional-Popular Galega, Partido Socialista Galego.

⁷ “Colectivo de Mulleres Ensinantes do Rosa ao Violeta”, *Andaina. Revista galega de pensamento feminista*, nº 2 (1992): 14.

⁸ Comisión de Ensino da Asociación Galega da Muller de Santiago de Compostela, “Coeducación”, *Andaina. Revista do movemento feminista Galego*, nº10 (1986): 11.

⁹ Información extraída da documentación da *Asamblea Nacional de mulleres do MCG* celebrada os días 14-15 de decembro de 1985, Consello da Cultura Galega, colección Recuperación da Documentación e Memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia (en adiante CCG, RDMMFOG), Carpeta MC.

¹⁰ Carmen Blanco, *O contradiscurso das mulleres. Historia do feminismo* (Vigo: Editorial Nigra, 1995).

desenvolve de forma independente dela¹¹. Pola súa banda, e facendo referencia tamén a 1976, Carlos Morais¹² dá conta da creación dunha Asociación Universitaria Pró Estudo do Problema da Muller. Trátase, segundo el, dunha organización de ámbito estatal impulsada polo PC, e constata a través de xornais que ten proxección pública nas rúas de Santiago de Compostela, cando menos nese ano.

Así mesmo na segunda metade dos setenta van tomar corpo dúas agrupacións de mulleres dentro de organizacións políticas de dimensión estatal. A *Unión Popular de Mujeres de Galicia*¹³, integrada desde 1976 na rede de organizacións do Frente Revolucionario Antifascista e Patriota e, desde 1976-1977, a Asociación Democrática da Muller Galega (ADMG). Esta última emerxe no seo do Partido dos Traballadores de Galiza (PTG), facendo parte da evolución das súas secretarías da muller. As ADMG disólvense ao tempo que tamén o fai o PTG. As zonas onde van desenvolver maior actividade son Vigo e Santiago de Compostela. Nesta última cidade, e tras a súa disolución, algunhas das mulleres que compuñan a ADM van crear o Grupo Feminista.

No tocante ao activismo sindical, a organización Comisións Obreiras (CCOO) conta desde 1976 cunha Asamblea de Mulleres na Coruña e, a partir de 1977, créanse as Secretarías da muller de CCOO (SMCCOO) de dimensión estatal. En relación ao sector do ensino, toma corpo en 1977 o Sindicato Galego de Traballadores do Ensino (SGTE). Esta organización integra ensinantes de esquerdas e nacionalistas¹⁴ e, desde as súas orixes, conta cunha secretaría da muller (SM-SGTE) que reivindica unha renovación pedagóxica elaborada desde perspectivas feministas¹⁵ e que participará activamente na dinamicidade do MF na década de oitenta¹⁶. Convén destacar entre as súas actividades a organización das primeiras xornadas de Coeducación e sexualidade celebradas en Vigo no mes de abril de 1986.

Desde 1978 van seguir tomando forma a nivel local grupos independentes. Algúns deles son conxunturais e abertos; é o caso, segundo Carmen Blanco¹⁷, do Grupo de Mulleres de Lugo, que se vai transformar na Asamblea Feminista de Lugo e o Colectivo de Mulleres de Lugo.

¹¹ Para máis informacións sobre a creada en Madrid pódense consultar: "Una organización feminista universitaria", *Opción*, nº 6 (maio 1977), 19-20; "Por la igualdad de la mujer. Asociación universitaria para el estudio de los problemas de la mujer", *Ciudadano*, nº 4 (abril 1976), 19; Angeles Laorden e Pilar Giménez, "La mujer en la universidad española", *Papers: Revista de Sociología*, nº 9 (1978): 73-88.

¹² Carlos Morais, *Crónica de Fonseca* (Santiago de Compostela: Laiovento, 1996).

¹³ A documentación manexada aquí sobre esta organización é testemuñal. Trátase da nota de prensa na que o *Faro de Vigo* dá conta da súa presentación pública.

¹⁴ Antón Costa Rico, "A escola que mudou: Dinámicas, innovacións e experiencias na educación en Galicia (1961-2000)", *Sarmiento Anuario Galego de Historia da Educación*, nº 11 (2007): 7-36.

¹⁵ Mónica Bar Cendón, *Feministas galegas. Claves dunha revolución en marcha* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2010), 255.

¹⁶ Vitoria Iglesias, "Historia do movemento feminista galego", en *O evidente non existe. Jornadas de formaçom do feminismo*, ed. Mulheres Nacionalistas Galegas (Vigo: autoedición, 2001), 64-71.

¹⁷ Blanco, *O contradiscurso das mulleres*.

Outra proposta de independentes é a desenvolvida por mulleres de diferentes localidades galegas (Pontevedra, Compostela, Lugo, Vigo) interesadas maioritariamente na produción e no evoluir dos debates, problemas e achegas teóricas que van xurdindo ao fío do desenvolvemento do MF. A súa creación está relacionada coa emerxencia de diferentes posturas feministas no seo do MF en xeral e na rede das AGM/AM en concreto. Algunhas mulleres implicadas nestas organizacións amosan desacordos coas súas propostas e lóxicas de acción, o que as leva a abandonalas e a participar na articulación de Feministas Independentes Galegas (FIGA). Discuten o lugar ocupado pola acción social visible nas estratexias de loita doutras organizacións feministas, e centran as súas actividades na autoformación, no coñecemento, debate e transmisión interna das teorías e problemas que se están a presentar desde o feminismo. En 1980 as mulleres que compoñen o colectivo van seguir dúas traxectorias, unhas continuarán desenvolvendo grupos e espazos internos de reflexión feminista, e outras pulan pola legalización das siglas FIGA e traballan a prol da súa visibilización pública¹⁸. Tamén en 1980, nas redes dos grupos políticos do nacionalismo de esquerdas, fórmase unha Comisión da Muller na Asamblea Nacional-Popular Galega (AN-PG).

A comezos da década dos oitenta seguen a conformarse pequenos grupos de reflexión de mulleres en torno ao feminismo no ambiente universitario. A documentación consultada permite constatar a creación do Colectivo Feminista Independente Galego (CFIG). As súas compoñentes identifícanse co feminismo da diferenza e van desenvolver a súa actividade durante dous anos en Santiago de Compostela, concretamente ata 1983. Ano este no que outras mulleres interesadas no feminismo en espazos universitarios composteláns comezan a dar forma aos Grupos de Mulleres da Universidade (GMU)¹⁹. O primeiro deles está formado por estudantes da Facultade de Psicoloxía, pouco despois toma forma outro en Medicina e en 1984 un grupo de mozas de Filoloxía e Historia configuran o seu propio grupo. Cada GMU desenvólvese de forma autónoma; normalmente reúnense semanalmente no local de estudantes das súas respectivas facultades e ao tempo, con periodicidade variable, establecen espazos de relacións intergrupais comúns. No seu desenvolvemento contan co apoio da AGM-SC. Unha parte das mulleres que os compoñen non forman parte doutra organización, mentres que algunhas implícanse no sindicato de estudantes Comités Abertos de Facultade (CAF) ou noutras organizacións políticas de esquerdas e nacionalistas.

No seo da INTG, un grupo de mulleres feministas activas e implicadas neste sindicato, comezan a potenciar a creación de Secretarías da Muller e espazos de reunión en todas as localidades onde o sindicato ten representación a partir de 1982. Non sempre conseguen crear grupos de traballo estable e os núcleos máis activos desenvólvense en Vigo, A Coruña e Ferrol.

¹⁸ Cfr. Andaina. *Revista Galega de Pensamento Feminista*, nº 18 (setembro 1997): 12; "FIGA", *Festa da palabra silenciada*, nº 7 (1990): 89.

¹⁹ "A muller na Universidade. ¡Boas novas!", *Andaina. Revista do movemento feminista*, nº6 (1984): 6.

Tamén na primeira metade de oitenta e na liña anarquista créase o grupo Mulheres Livres (ML), que aglutina parte do feminismo libertario galego; esta organización ten maior presenza en Compostela. Segundo Rosa Bassave, centran a súa actividade “no coñecemento de nós propias e do noso propio corpo”²⁰, reúnen periodicamente durante dous anos ata a súa disolución en 1985 e retoman a actividade a comezos da década de noventa. As ML conectan ideoloxicamente con outros colectivos deste signo espallados polo resto do estado e herdeiros da *Federación de Mujeres Libres* creada en 1936.

Na liña do feminismo autónomo, desde 1984 comeza a fraguarse entre mulleres feministas de Vigo o Grupo feminista Donicela, que chegará a ser coñecido como Coordinadora Feminista Donicela²¹. Tense tamén constancia da actividade desenvolvida en dito ano por un grupo de mestras de FP, BUP e EGB en Santa Uxía de Ribeira²² e da creación do Colectivo de Mulleres Ensinantes en Pro da Coeducación na Coruña.

1984 ten tamén algo que dicir acerca da visibilización de propostas feministas nas agrupacións nacionalistas e de esquerdas. No seo de Esquerda Galega promóvense Colectivos Feministas de Esquerda Galega. No Bloque Nacionalista Galego (BNG) confórmanse ‘Mull/heres’ Nacionalistas Galegas (MNG). Esta organización nos dous primeiros anos de actividade fai parte do organigrama do BNG e a súa dinámica está ligada a encontros, desencontros e rupturas que se están a producir nesta organización e con feministas organizadas noutros grupos e colectivos²³. En 1986 as mulleres que integran MNG deciden independizarse do BNG. Politicamente identifícanse co Movemento de Libertação Nacional e van ter actividade en Vigo, Ferrol, Santiago de Compostela e Ourense²⁴.

Noutra liña de acción, confórmanse Alecrín en 1985 en Vigo. Desenvolve actividades asistenciais, documentais e informativas dirixidas ás mulleres e desde 1986 potencian un Centro de Documentación de mulleres en dita cidade.

A mediados de oitenta e de novo no ámbito do ensino, a documentación achega información relacionada coa actividade de tres colectividade de mestras. O grupo de mulleres ensinantes do Instituto de Formación Profesional de Ribeira, o grupo de mulleres ensinantes do Instituto de Bacharelato de Betanzos²⁵ e o grupo de mestras da montaña de Lugo²⁶.

Xa en 1988, e volvendo sobre grupos políticos de dimensión estatal, mulleres vinculadas PSOE dan corpo en Vigo a Mulleres Xoves Area e, en Compostela e Vigo, a

²⁰ “Entrevista a Rosa Bassave” en Elvira Fente, *Parir a liberdade. O movemento feminista en Galicia* (Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, 2010), 306-331.

²¹ *Andaina. Revista galega de pensamento feminista*, nº 11 (1997): 10.

²² Asociación Galega da Muller de Santiago de Compostela, “Auxe do feminismo”, *Andaina. Revista do movemento feminista galego*, nº 6 (1984): 3.

²³ O artigo de Nanina Santos “Carta aberta ás mulleres do BNG” ilustra a confrontación das MNG con outras organizacións. Está publicado en *Andaina. Revista do movemento feminista galego*, nº 7 (maio 1985): 20-21.

²⁴ En 2013 MNG seguen a ter actividade. Máis información na súa web <http://feminismo.org/> [última consulta: 20-10-2013].

²⁵ Nieves R. Brisaboa e Gloria Soneira, “As xornadas de Coeducación e sexualidade”, *Andaina. Revista do movemento feminista galego*, nº10 (1986): 12-13.

²⁶ *Andaina. Revista do movemento feminista galego*, nº 7 (1985): 15

organizacións de Mulleres Progresistas (MP), integradas nunha federación estatal. As MP ofrecen asesoramento xurídico gratuito e cursos e información en torno a dereitos das mulleres. Tamén en 1988, nas redes do sindicato nacionalista CXTG, créanse Secretarías da Muller e, con carácter independente, toma corpo en Ferrol a Escola de Mulleres Simone de Beauvoir, que desenvolve actividades dentro e fora da Galiza²⁷. As súas integrantes dirixen as súas propostas ás diferentes administracións para levar a cabo tarefas formativas e de animación socio-comunitaria para mulleres, na procura da “criaçom de espaços de referència de identidade propia, espaços para o crecemento persoal, onde se possibilite às mulheres trabalhar desde a súa identidade, desde a súa propia especificidade”²⁸.

En relación ás mestras organizadas a finais da década de oitenta, obtéñense datos de que en Compostela en 1988 ten actividade o Colectivo de Mulleres Ensinantes de Santiago²⁹, e un ano despois créanse dous agrupamentos de mulleres interesadas no desenvolvemento e aplicacións do feminismo. A nivel universitario, na Facultade de Filosofía da USC, un grupo de mulleres interesadas nas achegas da teoría feminista á filosofía e á teoría social van conformar un equipo de traballo multidisciplinar³⁰. Algunhas delas, ademais de introducir formulacións feministas nas súas investigacións, van introducir nas aulas as liñas de reflexión coas que toman contacto. Este obxectivo é compartido por todos os grupos de ensinantes, e neste sentido fai parte tamén do ideario das mulleres que promoven e consolidan o colectivo de mulleres ensinantes Do rosa ao violeta. Reúne mulleres implicadas nos niveis de ensino básico, medio e universitario afincadas en diferentes puntos de Galiza (A Coruña, Muros, Negreira, Padrón, Santiago de Compostela, Serra de Outes). Algunhas das súas compoñentes fixeran parte da comisión de ensino da AGM-SC. O seu traballo xira en torno á coeducación. En 1990 realizan unha investigación en colaboración “cun colectivo de mulleres ensinantes de Vilagarcía de Arousa”³¹, dato que permite constatar a existencia deste último colectivo.

Tamén en 1990, e desde a súa creación, xerada pola confluencia de varios sindicatos de ensinantes de Galiza, o Sindicato de Traballadores do Ensino STEG³² vai contar con Secretaría da Muller. No citado ano existen datos que testemuñan a actividade do Grupo de Profesoras de Santiago e Vilagarcía³³.

²⁷ Máis información sobre esta escola de mulleres en *Andaina. Revista galega de pensamento feminista*, nº5 (1993): 16.

²⁸ Luísa Ocampo, “Historia do movemento das mulheres na Galiza desde 1985-2001”, en *O evidente non existe*, 79.

²⁹ Instancia de solicitude de subvención do Colectivo de Mulleres Ensinantes de Santiago ao *Instituto de la Mujer*. Actividades 1988, CCG, RDMMFOG, carpeta CMESC.

³⁰ Ten actividade ata 1995, e na publicación de 1997 *Corpo de Muller. Discurso, poder, cultura* recóllese artigos coas reflexións dalgunha das mulleres que a compoñen.

³¹ “Colectivo de Mulleres Ensinantes do Rosa ao Violeta”, *Andaina. Revista de pensamento feminista*, nº 2 (maio 1992): 14.

³² O STEG sigue activo en 2013. Máis información na súa web <http://www.stegsindicato.org/quen.asp?id=1> [última consulta 30-10-2013].

³³ Grupo de Profesoras de Santiago e Vilagarcía, “As agresións e a escola”, *Andaina. Revista do movemento feminista Galego*, nº 20 (1990): 11-12.

Os grupos e colectivos que se veñen de sinalar desenvolven particularidades e distincións entre si, e maioritariamente van outorgar grande importancia á visibilización das súas reivindicacións e á unidade de acción. As propostas para establecer relacións intergrupais estables entre organizacións feministas de dentro e de fóra da Galiza co obxectivo de se coordinar e levar a termo accións concretas e campañas comúns toman corpo desde o comezo; callan ás veces, outras non e en ningunha das ocasións se consegue unha total unidade de acción de todas as mulleres galegas identificadas co feminismo, organizadas ou non.

A nivel local prodúcense propostas e procesos encamiñados á formalización de coordinadoras, plataformas e federacións de diferentes dimensións entre os grupos. Neste sentido destacan as relacións intergrupais establecidas en Vigo desde 1979 e que van conformar a Coordinadora Feminista de Vigo (CFV). Aglutina mulleres que anteriormente non fan parte de organización algunha e os núcleos de MDM, ADMG, AGM e FIGA desta cidade. Os contactos e propostas establecidos noutras localidades entre os grupos existentes derivan ou ben en roturas ou ben no artellamento de colaboracións en campañas puntuais sen chegar a se constituír nunha coordinación estable que supere os dous anos de duración.

No tocante á participación de organizacións galegas nos procesos coordinativos de dimensión estatal, debemos sinalar a intervención das ADMG na articulación en 1977 da Federación de Organizacións Feministas.

Inda que se veñen producindo desde 1975 contactos, relacións e puntos de encontro entre diferentes organizacións, non será ata 1978 cando se formalice a *Coordinadora de Organizaciones Feministas del Estado Español* (COOFFEE). Algunhas das organizacións galegas referenciadas máis arriba, como a rede das AGM/AM ou a CFV, fan parte desta coordinadora e implícanse ao tempo no artellamento dunha Coordinadora Feminista Galega (CFG), integrada na estatal. Ao comezo, as reunións da COOFFEE teñen lugar en diferentes puntos do estado, mais, á longa, Madrid vaise configurar como a sede central destes encontros. En Galiza as reunións da CFG tenden a se centralizar en Santiago de Compostela.

A coordinación estatal de grupos de feministas independentes cobra maior visibilización a partir de 1979³⁴. A proposta xorde concretamente nas xornadas estatais da COOFFEE celebradas en Granada e relaciónase coa emerxencia do feminismo da diferenza.

Para se facer unha idea aproximada do alcance da rede de relacións do feminismo organizado en Galiza, é importante non perder de vista que as súas convocatorias públicas son apoiadas polo xeral por organizacións de esquerdas e nacionalistas con actividade en diferentes ámbitos, e con lóxicas de relacións internas que non levan a xerar secretarías ou comisións de mulleres, aínda que apoian e fan súas en momentos puntuais propostas elaboradas desde olladas feministas. Cabe destacar aquí, por ser organizacións vincula-

³⁴ Coordinan xornadas en diferentes cidades do territorio español e unha das primeiras lévase a cabo en Vigo a comezos da década dos oitenta.

das co ámbito educativo, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG)³⁵, o Sindicato Galego do Ensino e a Investigación (SGEI-CXTG), a Unión de Traballadores do Ensino Galego (UTEG)³⁶, o Colectivo Avantar³⁷, Nova Escola Galega³⁸ e o Seminario Galego de Educación para a Paz³⁹.

Situando a educación nas redes do feminismo organizado en Galiza

Desde década dos setenta, son moitas as ocasións nas que na rede do feminismo organizado emerxen implícita ou explicitamente referencias e críticas ao modelo sociosexual dominante, que viñera sendo reforzado polas estruturas e leis franquistas e estaba a incidir en todos os aspectos da vida cotiá desde finais da década de anos trinta. Sen ir máis lonxe, o feito de que as primeiras organizacións sexan creadas ao fío da clandestinidade⁴⁰, sitúa as mulleres mais alá do permitido, máis alá das correspondencias da exclusividade do doméstico, do desinterese pola acción política organizada, do definido e admitido como feminino polo franquismo e máis preto das organizacións que comparten a finalidade de erradicar o sistema político imposto.

É importante reter que o modelo sociosexual da estrutura franquista, ademais de compartir o esquema dominante nas sociedades e culturas occidentais, se autodefine como católico. Segundo isto, a familia conservadora tradicional convértese no fundamento da “nación”, as prácticas sexuais dos corpos sexuados femia son atributos de feminidade; as mulleres e as nenas, os seus comportamentos e accións, serán máis ou menos lícitas segundo asuman ou non roles relacionais asignados a ditos corpos e se diferencien do propio dos homes; segundo asuman e reproduzan individualmente e no seu universo de relacións sociais, definicións, normas, valores, estereotipos, espazos e formas correspondentes ao seu sexo e, por definición, eliminen, disimulen ou oculten as discrepancias con el. A virxindade, a sexualidade entendida como reprodución biolóxica de corpos, o coidado do doméstico e das crianzas e a dependencia da familia conxugal estable son valores supremos do propio das mulleres. Isto explica que a lexislación derivada da ditadura estableza que as mulleres casadas estean supeditadas á autoridade do marido, a prohibición do emprego de anticonceptivos, do aborto e do divorcio, que o adulterio sexa delito para

³⁵ Organización creada en 1978. En 1983 participan na elaboración, xunto coas AMC, da unidade didáctica *A muller hoje*, publicada no mes de febreiro. Máis información sobre a AS-PG en Antón Costa Rico, “A escola que mudou”.

³⁶ Creado en 1975.

³⁷ Formado por mestras e mestres da bisbarra de Ferrol, que en 1978 reúnen para “prantexar alternativas pedagóxicas no ensino da lingua galega para introducila como lingua de asentamento na práctica escolar”. Máis información en Inmaculada Reino González, “Libros de texto non sexista”, *Festa da palabra silenciada*, nº 5 (1988): 45.

³⁸ En 2013 Nova Escola Galega sigue activa. Máis información na súa web: <http://www.nova-escola-galega.org/> [última consulta 18-11-2013].

³⁹ Este seminario é creado en 1985 e continúa en activo. Máis información na súa web: <http://www.sgep.org/> [última consulta: 20-10-2013].

⁴⁰ Os procesos de legalización de grupos e organizacións político reivindicativas comezan a articularse no estado español entre 1977 e 1978.

elas e que as implicadas en prácticas non heterosexuais sexan negadas, fichadas e perseguidas. Tamén explica que se deseñasen lóxicas formativas e educativas aplicables en diferentes espazos e ámbitos de relacións sociais para converter ás mulleres e ás nenas en boas mulleres, esposas e nais⁴¹. Neste sentido, o decreto firmado por Franco en Burgos o 7 de outubro de 1937 vai sentar as bases para a institucionalización da obrigatoriedade do Servizo Social Feminino (SSF) a partir de 1939. Descartando ás casadas, as viúvas con crianzas e as discapacitadas por algunha enfermidade, obrígase a todas as mulleres solteiras de 17 a 35 anos a realizar dito servizo. Este consiste en seis meses de preparación a cargo da Sección Feminina. Esta organización recolle o “espírito nacional” e vai ser a encargada de educar ás mulleres adultas no seu verdadeiro papel de esposas e nais⁴².

No tocante ao ensino académico, desde 1939 rómpese cos modelos pedagóxicos renovadores ensaiados desde finais do século XIX⁴³, suprímese a educación mixta nas escolas e refórzanse as materias específicas segundo os sexos, destinadas a afortalar o rol tradicional das mulleres no fogar. Un artigo publicado polas MDM en 1971⁴⁴ pon en dúbida as posibilidades de materialización da declaración emitida polo goberno franquista segundo a cal o ensino vai ser obrigatorio e gratuito, e subliña que o acceso ao sistema escolar está supeditado ás posibilidades económicas, polo que discrimina as familias de clase obreira.

Cambiar mentalidades propias e alleas, saír á rúa, amosarse como diferentes, chamar a atención, reflexionar e discutir sobre as desconsideracións e discriminacións impostas ás mulleres no sistema sexoxenérico dominante, discutir e infundir dúbidas sobre os vellos contidos, reclamar a súa erradicación e elaborar propostas transformadoras, son elementos constantes na dinámica do movemento feminista estreitamente vinculados co ámbito educativo, a formación e a transmisión de valores, e explica que as cuestións relacionadas coa educación, entendida como acto de coñecemento, teñan lugar en todas as organizacións antes nomeadas e estean presentes nos seus principios programáticos. Nestes outorgan grande importancia á necesidade de cambios de actitudes ante o considerado normal nas familias, nos centros de traballo, nos centros de ensino, nos medios de comunicación, nos sindicatos, nos partidos políticos, nos medios de comunicación, na rúa e nas redes de goberno das políticas públicas. Os chamamentos para a súa revisión e transformación son recorrentes desde década dos setenta e esta preocupación explica que realicen esforzos para visibilizar as súas reivindicacións, os seus puntos de vista, as súas críticas e propostas no espazo social e nas propias organizacións.

⁴¹ <http://barcelona.indymedia.org/usermedia/application/11/lamujerduranteelfranquismo.pdf> [última consulta 13-9-2013].

⁴² <http://www.laaventuradelahistoria.es/2012/10/07/servicio-social-femenino-una-prestacion-obligatoria.html> [última consulta: 25-10-2013].

⁴³ Antón Costa Rico, “Pedagogía en Galicia”. en *Diccionario Enciclopedia do pensamento galego* (Vigo-Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia e Consello da Cultura Galega, 2008): 574-599...

⁴⁴ “¿Desde octubre, enseñanza escolar obrigatoria y gratuita para los niños de hasta diez años?”, *A muller e a loita. Portavoz del Movimiento Democrático de Mujeres de Vigo*, nº 2 (marzo 1971): 13-14. Este número foi dixitalizado e posto a disposición pública pola Fundación dez de marzo con motivo da celebración do 8 de marzo de 2013, e pódese descargar na seguinte dirección web: <http://www.f10m.org/nova/260>.

As feministas e os seus grupos colectivos e organizacións convértense en motores de novas referencias para propias e alleas, e de formas de visibilización político-reivindicativas elaboradas individual e/ou colectivamente. Nun principio atópanse ante unha lóxica carencia de referencias, materiais e información que contribúan a discutir as definicións sociosexuais dominantes. Iso explica que se configuren como espazos de autoformación e que desenvolvan estratexias e actividades articuladas con dita finalidade coa intención de que incidan no persoal, no colectivo e no social.

Organizan actividades e espazos de protesta e reflexión como reunións, encontros, manifestacións, peches, mitins, festivais, coloquios, proxeccións de películas, mesas redondas e xornadas que se van celebrar a nivel local, galego, estatal e, en ocasións, mundial, coas que se pretende chegar ao maior número posible de mulleres, feministas ou non, e organizadas e non. Responden ademais as xornadas ao interese polo establecemento de fíos de enlace que permitan o intercambio de coñecemento e experiencias e de vías de relación entre feministas organizadas dentro e fóra de Galiza para levar a cabo accións comúns. Trátase en definitiva de foros que permiten avaliar o camiño andado, dar conta de diferenzas e paralelismos nos posicionamentos, pór a proba as posibilidades de acción conxunta e visibilizar as principais liñas de debate e actividade. Polo xeral derivan na publicación de documentos xerados para e polas propias actividades e debates desenvolvidos nas xornadas, contribúen á súa difusión e son soportes documentais relevantes na articulación destas páxinas. Neste sentido cabe situar tamén a edición de revistas concibidas desde liñas críticas feministas con incidencia a nivel local e galego⁴⁵. Estas recollen achegas que plasman e dan a coñecer os puntos de vista dos grupos que as promoven, e información, colaboracións e artigos sobre temas de debate e interese en cada momento.

Os cuestionamentos, críticas, contestacións, dúbidas e producións da rede do feminismo organizado en Galiza configúranse de partida en torno aos sistemas autoritarios, as democracias, as autonomías, as clases e as relacións de poder. Nun principio sitúanse fronte a unha ideoloxía franquista que explica e define ás mulleres como “cousa” tutelada por pais, titores, esposos, irmáns, políticos e curas. Mais en xeral, ao se posicionar en torno ao valor social individual e colectivo do propio dos homes e do propio das mulleres, sobre o valor dos roles e espazos diferentes e diferenciados que son “inherentes” a cada sexo, as loitas feministas exceden os límites de calquera forma de goberno imbricado nas lóxicas do sistema sociosexual dominante en occidente e diríxense cara a súa transformación.

⁴⁵ As MDM van publicar revistas como *Alborada* ou *A Muller e a loita*, esta última elaborada polo grupo MDM de Vigo. O CFGI chega a publicar entre 1982 e 1983 en Compostela dous números da revista feminista galega *A Saia*. Da rede AGM/AM xorde en 1983 *Andaina. Revista do movemento feminista galego*, publicada tamén en Compostela; en decembro de 1990 conta 22 números publicados. A AGM-F está imbricada na rede da que se está a falar, e a mediados dos oitenta edita, cando menos, un número do boletín *Lúa nova* en Ferrol. A legalización das siglas FIGA en 1983 conleva a creación da revista *Festa da palabra silenciada*, e ata 1990 publicaran sete números. As MNG publican desde 1987 a revista *Área*, da que apareceran seis números en 1990. Emerxen tamén publicacións focalizadas en ámbitos de acción concretos. Por exemplo, nas redes sindicais galegas as secretarías da muller da INTG elaboran desde 1986 *Abrente, voceiro da Secretaría da Muller da Intersindical Nacional dos Traballadores Galegos*, que en 1990 se seguía a editar, e no mesmo ámbito se sitúan as publicacións promovidas a nivel local e estatal polas Secretarías da Muller de CCOO nestes anos.

A forma en que as mulleres son relegadas ao ámbito privado do doméstico, convertidas en dependentes, reprodutoras e coidadoras revélase, ademais de como unha consecuencia das dinámicas do sistema económico capitalista, como resultado de patróns ideolóxicos e culturais burgueses e patriarcais, e produto de olladas androcéntricas e sexistas que se reproducen constantemente en todos os ámbitos de relacións sociais. O espazo doméstico, ademais de ser o lugar da socialización primaria vinculada á familia, identifícase como fonte de desigualdades e discriminacións e, nas súas propostas, as feministas establecen como premisa básica para a liberación a incorporación das mulleres ao traballo remunerado e o acceso a todas as áreas de formación. Consideran que na formación académica está a base para a plena incorporación ao traballo e á emancipación, que a maternidade ten que ser unha opción e non unha obriga e que as mulleres se teñen que liberar da dupla xornada.

Desde os setenta, as referencias e estratexias encamiñadas a chamar a atención sobre a necesidade de transformar as lóxicas dominantes nas redes de goberno das políticas públicas renóvanse constantemente. Reclaman a legalización do divorcio, a despenalización dos delitos de adulterio adxudicados ás mulleres e do aborto, a revogación urxente da lei que prohíbe o uso e divulgación de anticonceptivos e a amnistía para as encarceradas por incumprir ditas prohibicións. Reclaman ademais información sexual nos centros de ensino e tamén sobre métodos anticonceptivos para homes e mulleres, a creación de centros públicos de planificación familiar, maternais e de pediatría, servizos públicos de garderías, lavanderías e comedores e o acceso das mulleres a todas as áreas e plans de formación. Piden escolarización gratuíta para todas as nenas e nenos ata os 16 anos, porque nos casos de dificultades económicas familiares son polo xeral as mulleres as que se ven afastadas dos estudos; que se revisen os programas educativos e que nos centros de ensino se elimine calquera criterio discriminatorio, se apliquen prácticas non sexistas e coeducativas, desaparezan as materias específicas diferenciadas segundo os sexos, e se revisen desde olladas non sexistas os libros escolares, a literatura en xeral e máis en concreto a destinada ao público infantil e xuvenil. O feito de que os medios de comunicación sexan espazos de información permanente que interveñen na formación e transmisión de valores, lévaas a reclamar publicidade e información non sexista, así como a revisión das producións cinematográficas, culturais e publicitarias en xeral.

Unha parte dos reclamos que se veñen de sinalar van a ter a súa resposta en cambios lexislativos⁴⁶, e se ben é certo que son considerados logros importantes por parte do feminismo organizado, pronto se descubren como insuficientes e necesariamente revisables. A pesar dos cambios, a maior parte das reivindicacións continuarán viventes.

A escaseza de referentes e referencias para aplicar os cambios que propoñen lévaas a reclamalos e a xerar ademais unha liña de traballo destinada a elaborar materiais e soportes educativos dirixidos a grupos de poboación concretos, coa intención de paliar as carencias e nesgos informativos existentes sobre diferentes cuestións, e de que permitan

⁴⁶ Así por exemplo, os artigos que penalizan o uso e comercialización de anticonceptivos perden vixencia a partir de 1977, suprimese o SSF en maio de 1978, apróbase a lei de divorcio en 1981 e a do aborto en 1985.

discutir e rebater as definicións sociosexuais dominantes. Sitúanse nesta liña os cadernos e folletos publicados a finais da década dos setenta e nos oitenta nas redes do feminismo organizado e dirixidos ás mulleres⁴⁷, e as unidades didácticas dirixidas ao profesorado e aos centros de ensino⁴⁸.

Os primeiros son materiais destinados a reflexionar e chamar a atención sobre o feito de que o coidado e a educación das crianzas a través da historia veña sendo cousa de mulleres, a discutir a supeditación das esposas á autoridade do marido, os mitos da virxindade, da maternidade obrigatoria, da frixidez das mulleres e da dependencia normalizada da sexualidade das mulleres ao pracer dos homes, isto é, consideran necesario redefinir as fronteiras da relación reprodución-sexualidade-mulleres vivente. As segundas destacan o feito de que escola mixta nin é igual á escola coeducadora nin garante a existencia de prácticas educativas non sexistas nos centros de ensino. Reclaman a implicación do profesorado para introducir nas aulas espazos e elementos de reflexión e debate destinados a crear conciencia crítica sobre a situación das mulleres e a necesidade de transformala. Propoñen formas e materiais de traballo para os diferentes niveis académicos (EGB, BUP, FP e universitario), que permiten discutir as lóxicas que naturalizan a distribución de roles e a división do traballo en función do sexo, a ausencia sistemática de referencias de mulleres na historia, na literatura e en todas as áreas de investigación en xeral. Convidan ademais a traballar con libros, contos, fábulas, prensa, revistas, televisión, películas e coas imaxes publicitarias en xeral, analizando o sexismo existente na linguaxe textual, visual e nas

⁴⁷ Asociación Galega da Muller e Movemento Democrático da Muller, *Sexualidade feminina* (autoedición), CCG, RDMMFOG, carpeta AGM; Asociación Galega da Muller e Movemento Democrático da Muller, *Información sobre dos métodos anticonceptivos* (autoedición), CCG, RDMMFOG, carpeta AGM-MDM; Movemento Democrático da Muller, *Pola liberación da muller* (autoedición), CCG, RDMMFOG, carpeta MDM; Movemento Democrático da Muller, *A muller diante as eleccións* (autoedición), CCG, RDMMFOG, carpeta MDM; Asociación Galega da Muller, *A muller diante das eleccións* (autoedición), CCG, RDMMFOG, carpeta AGM; Asociación Galega da Muller, *A muller e o divorcio* (autoedición), CCG, RDMMFOG, carpeta AGM; Asociación Galega da Muller, *A muller no matrimonio* (autoedición), CCG, RDMMFOG, carpeta AGM; Asociación Galega da Muller, *O amor é cego pero compre que ti o vexas claro...non renunciás a túa liberdade como muller. Ningún embarazo non desexado* (autoedición), CCG, RDMMFOG, carpeta AGM; Asociación Galega da Muller de Santiago de Compostela, *Aborto: sexualidade non é maternidade, anticonceptivos libres e gratuitos* (autoedición), CCG, RDMMFOG, carpeta AGM; Coordinadora de Organizacións Feministas do Estado Español e Asociación Galega da Muller, *A muller e a súa educación* (autoedición), CCG, RDMMFOG, carpeta AGM-COOFEE.

⁴⁸ Asociación Galega da Muller, *Unidade didáctica 8 de marzo* (autoedición: 1980) e (autoedición: 1981), CCG, RDMMFOG, carpeta AGM; Asemblea de Mulleres da Coruña, Asociación Galega da Muller de Santiago de Compostela, Coordinadora Feminista de Vigo, Asociación Galega da Muller de Ferrol, *Unidade didáctica 8 de marzo* (autoedición: 1982), CCG, RDMMFOG, carpeta AGM-AMC-CFV; Asociación Socio-Pedagóxica Galega e Asemblea de Mulleres da Coruña, *Unidade didáctica. A muller hoje* (autoedición: 1983), CCG, RDMMFOG, carpeta AMC; Comisión de Mulleres Ensinantes en pro da Coeducación, *Unidade didáctica* (autoedición, 1984), CCG, RDMMFOG, carpeta CMEPE; Mulheres Nacionalistas Galegas, *Os xoguetes para jogar, nom para discriminar* (autoedición, 1988) e (autoedición, 1989); Colectivo de Mulleres Ensinantes en Pro da Coeducación de A Coruña, Comisión de Ensino da Asociación Galega da Muller de Santiago de Compostela, *Unidade didáctica de sexualidade* (colaboran na edición: Colexio Oficial de Sicológos de Galicia, Asociación Galega de Pedagogos, SGTE, Federación do ensino de CCOO de Galicia, autoedición, 1984), CCG, RDMMFOG, carpeta AGM-CMEPE; Colectivo de Profesoras do Instituto de FP de Ribeira, *Educación sexual no ensino medio* (autoedición; 1985), CCG, RDMMFOG.

formas da fala. Achéganse tamén ao lugar ocupado polos xogos e xoguetes na introdución de prácticas de consumo e na aprendizaxe e reprodución de normas, roles e espazos de relación diferenciados segundo os sexos⁴⁹ e, en ocasións, céntranse na sexualidade, non entendida “como materia aparte nen como un tema só de especialistas; pensamos que debe ser tratada dende todos os aspectos e en todas aquelas áreas nas que haxa algo que aprender e investigar, por exemplo en materias, aparentemente desvinculadas do tema, como o estudo de diferentes pobos e as súas culturas, na arte, na música, etc”⁵⁰. Polo xeral todas as unidades didácticas se completan con fontes bibliográficas producidas desde olladas feministas actuais e tamén doutras elaboradas no pasado e que a historiografía oficial tende a invisibilizar.

Outra forma de traballo é a desenvolvida polos grupos e colectivos de estudantes universitarias. As súas actividades diríxense á propia comunidade universitaria e son chamamentos encamiñados á consecución dunha universidade non sexista. Critican a suposta obxectividade do pensamento racional e das ciencias, destacando que en realidade son produto da sociedade machista e patriarcal. Reclaman a introdución de perspectivas feministas nas diferentes áreas de investigación máis alá da voluntariedade dalgunhas mestras e mestres. Dan conta tamén das transformacións ocorridas e que están a posibilitar a progresiva incorporación das mulleres ás diferentes carreiras universitarias, e non esquecen sinalar que, a pesar das transformacións, persiste o chamado “teito de cristal”, isto é, unha serie de mecanismos que practicamente imposibilitan a presenza de mulleres nos grupos de decisión universitaria, entre outros.

Desde a década dos setenta non son poucas as mestras e mestres que, de forma individual ou conxunta, mais sen chegar a constituír un grupo de traballo estable, facéndose eco de puntos de vista feministas e conscientes de que a transformación social non é posible se non se produce un cambio nas mentalidades e nas actitudes, estudan e propoñen formas de traballo concretas nas súas aulas na procura de modelos de aprendizaxe non discriminatorios.

Son tamén polo xeral froito do traballo e da voluntariedade das propias mestras as investigacións destinadas a analizar a realidade dos espazos académicos e da comunidade académica institucionalizada nos seus diferentes niveis⁵¹. Trátase de estudos sobre

⁴⁹ “Nena, ¡qué pensas pedir de regalo nestas festas?”, *Area. Revista de Mulleres Nacionalistas Galegas*, nº 2 (decembro 1987): 3-4, e Lurdes Arias, “Nooooo si es la Nanci que yo pediiii...!!!”, *Andaina. Revista do movemento feminista*, nº 4 (1984): 5.

⁵⁰ Colectivo de Mulleres Ensinantes en Pro da Coeducación de A Coruña, Comisión de Ensino da Asociación Galega da Muller de Santiago de Compostela, *Unidade didáctica de sexualidade*.

⁵¹ Sirvan como exemplo María Dolores Canedo, “Reflexións en torno a unha proposta cara a formación do profesorado”, *Andaina. Revista do movemento feminista*, nº 15 (xuño 1988): 11-12; Documentación da Secretaría da Muller do Sindicato Galego de Traballadores do Ensino relativa ás xornadas *Educación e sexualidade* celebradas en Vigo os días 11 a 13 de abril de 1986; Susa Juanatey, “¡Que educación!”, *Festa da palabra silenciada*, nº 3 (1986): 29-30; Elena María Alvaredo, “Don Xesús Rodríguez López: educación e vida social na muller”, *Festa da palabra silenciada*, nº 4 (1987): 59-64; Grupo de Profesoras de Santiago e Vilagarcía, “As agresións e a escola”, *Andaina. Revista do movemento feminista*, nº 20 (1990): 11-12; María Xosé Queizán, “Para as mulleres ensinantes”, Coordinadora Feminista Galega (CFV, AMC, AMP, AMV, AGM-SC, AGM-OU, AGM-F),

temas específicos e de grande utilidade á hora de repensar programacións axeitadas para cada lugar e momento concreto. Na difusión destes traballos, as revistas e a celebración de xornadas ocupan un importante lugar. Nestes espazos, ademais de darse a coñecer as propias investigacións, renóvanse as denuncias á “escuela misma como institución básica que oculta y, a la vez, legitima un sistema de comportamientos, actitudes, valores y contenidos sexistas, discriminatorios contra las mujeres”⁵², e reclámase a necesidade de loitar contra esta situación e a favor dunha escola pública e non sexista. Destácanse tamén as dificultades para realizar este tipo de traballos, porque “están feitos por mulleres sen cartos, sen apoios nin recoñecemento ningún e adicando-lle moitas horas do seu tempo”⁵³, e tamén pola falta de apoio por parte das institucións, e en ocasións das AMPAS⁵⁴.

Para concluír, nas redes do feminismo organizado entre 1970 e 1990 as formas de coñecemento dominantes descóbreanse como lóxicas mitificadoras e naturalizadoras tendentes a obstaculizar o sentido crítico das crianzas, das mulleres e dos homes, para preservar así o *statu quo* da lóxica sociosexual dominante. Como estratexias que nos remiten, antes que nada, a formas institucionalizadas de marxinalización, desequilibrio e discriminación, produto dun sistema que asenta principios de orde moral, estereotipos e normas sobre o correcto e o incorrecto, e o posible e o imposible, no que se refire ás relacións entre os sistemas sexoxenérico e sexual dominantes. Principios que determinan desde os primeiros anos de vida e en todos os espazos e ámbitos de relacións sociais a existencia de aptitudes, actitudes, dereitos, valores, deberes, roles, status e espazos diferentes e diferenciados para os suxeitos segundo estes presenten marcas corporais de macho ou femia⁵⁵. De lóxicas segundo as que os corpos sexuados se constitúen en paires materiais

en *I Xornadas feministas galegas* celebradas en Vigo 1 a 4 de novembro 1984, CCG, RDMMFOG, carpeta xornadas; Secretaría da Muller do Sindicato Galego de Traballadores do Ensino de Vilagarcía, “Estudo feito sobre da agresividade nas relacións alumnas/os”, en *Xornadas feministas contra a violencia Machista* (Santiago de Compostela: Coordinadora de Organizacións Feministas do Estado Español, 1988), 337-406, CCG, RDMMFOG, carpeta xornadas; Secretaría de la Dona USTEC SD-USTEC, “Las agresiones sexistas en el marco escolar” (resumo), en *ibid.*, 229; Colectivo Escuela no Sexista de Madrid, “También la escuela es sexista”, en *Xornadas feministas. 10 anos de lucha del movimiento feminista* (Barcelona: Coordinadora de Organizacións Feministas do Estado Español, 1985), 311-312, CCG, RDMMFOG, carpeta xornadas; Asociación Cultural Diana, “En la búsqueda de una nueva dimensión educativa”, en *ibid.*, 329-341.

⁵² Asamblea de Dones d’Ensenyament, “Presentación de *El libro lila de el cole*”, en *Xornadas feministas contra a violencia Machista*, 177-228.

⁵³ Nieves R Brisaboa., “Un comentario ás Segundas xornadas sobre mujer y educación”, *Andaina. Revista do movemento feminista*, nº 9 (1986): 21-22

⁵⁴ Ilustrado polo sucedido ao Grupo de Profesoras do Instituto de Formación Profesional de Ribeira cando en 1985 deciden incorporar a educación sexual nas aulas. A exposición incluía a proxección dunhas diapositivas de información fisiolóxica, reprodutora e anticonceptiva. Isto último levou ás AMPAS a denunciar ao profesorado ante a Consellería de Educación e a esta a abrir 17 expedientes. O caso tivo unha importante repercusión nas redes do movemento feminista en xeral e nas do sindicalismo do sector do ensino en concreto e, logo dunha campaña de protesta, a causa foi sobresida (Información extraída dun Boletín informativo firmado por as “Persoas afectadas”: AGM-SC, AS-PG, AMC, SGTE, UTEG-INTG, Nova Escola Galega, Colexio de Psicólogos, Colectivo pola Coeducación). Máis información sobre a posterior reacción das AMPAS en *Andaina. Revista do movemento feminista*, nº 8 (novembro-décembro 1985): 8.

⁵⁵ Lourdes Méndez, “¿Dous sexos? A construción da diferenza entre os sexos como marca da cultura”, *Andaina. Revista galega de pensamento feminista*, nº 12 (1994): 24-18.

e simbólicos do definido como masculino e feminino e, social, política, espacial e sexualmente como diferente e necesariamente complementar para a reprodución da orde social. As reflexións e estratexias de loita feministas desenvolvidas antes e despois dos anos nos que se centran estas páxinas enfróntanse a estas lóxicas e principios sociosexuais dominantes, provocando transformacións relevantes nas relacións sociais sen esquecer que nestas, as clases, as etnicidades e as razas tamén estruturan formas de marxinalización e discriminación contra as que é preciso loitar. A altura de 2013, hai moito camiño andado, mais fica moito por percorrer, tanto a nivel arquivístico e de memoria como na produción teórica, na realización de estudos axustados á realidade social e na acción directa en todos os espazos e ámbitos de relacións sociais.

